



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia: Introducción á historiografía

Materia	Historia: Introdución á historiografía			
Código	002G251V01202			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Valín Fernández, Alberto Juan			
Profesorado	Valín Fernández, Alberto Juan			
Correo-e	avalin@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Introdución ao estudo dos fundamentos básicos da historiografía, prestando especial atención ás características expistemolóxicas da ciencia histórica, e á xénese e desenvolvemento das diversas teorías históricas, incluídas as tendencias e escolas actuais.			

Competencias de titulación

Código	
A12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.
A13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais.
A17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente.
A23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B10	Atención á diversidade e á multiculturalidade.
B16	Coñecemento doutras culturas.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer e ser capaz de describir a evolución diacrónica e conceptual da forma de facer historia nas distintas épocas.	A12 A13 A17	B1 B10
Comprender o proceso de configuración da historia como ciencia do pasado a partir das aportacións que deron os diferentes autores e escolas ao discurso interpretativo histórico.	A13 A17	B10 B16
Recoñecer e definir os principais paradigmas culturais, históricos, filosóficos e sociolóxicos que configuraron a disciplina histórica como ciencia e que orientaron o devir da investigación e a construción do discurso histórico.	A17 A23	B10 B16
Ser capaz de relacionar os diferentes tratamentos das fontes para a interpretación do pasado.	A17 A23	B1

Contidos

Tema	
1. O pensamento historiográfico.	1.1. Das orixes á Ilustración. 1.2. Da Ilustración á aparición das grandes escolas historiográficas.
2. As grandes correntes historiográficas.	2.1. O Materialismo Histórico. 2.2.. A escola de Annales. 2.3. A historia económica.

3. Tendencias actuais e novos enfoques.

3.1.. A historia social.

3.2. A historia política.

3.3.. A historia das mentalidades.

3.4. A historia cultural.

3.5. Outros enfoques: da biografía histórica á historia de xénero.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminarios	15	20	35
Actividades introdutorias	3	0	3
Titoría en grupo	5	10	15
Traballos tutelados	0	20	20
Sesión maxistral	22	30	52
Probas de resposta curta	2	5	7
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	10	12
Traballos e proxectos	1	5	6
Outras	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminarios	Traballo de aula individual ou en grupos informais a partir de materiais de diversa natureza co obxectivo de afondar nunha selección de contidos de especial dificultade ou relevancia introducidos ou non nas sesións maxistras, por medio de relatorios ou conferencias, etc. Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas polo Departamento de Historia, Arte e Xeografía e pola Facultade de Historia.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado e a presentar a materia.
Titoría en grupo	Tempo reservado polo docente para atender e resolver as dúbidas do alumnado.
Traballos tutelados	Traballos que realiza o alumnado.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Resolución de dúbidas sobre a materia explicada na lección maxistral, sobre as lecturas recomendadas para a preparación das clases prácticas e dos seminarios. Resolución de calquera outra dúbida ou problema que puidera presentar o alumno.
Seminarios	Resolución de dúbidas sobre a materia explicada na lección maxistral, sobre as lecturas recomendadas para a preparación das clases prácticas e dos seminarios. Resolución de calquera outra dúbida ou problema que puidera presentar o alumno.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Probas de resposta curta	Preguntas breves sobre diferentes aspectos tratados nas sesións maxistras ou nos seminarios.	20%
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Proba teórica sobre os conceptos básicos da materia.	40%
Traballos e proxectos	Elaboración e presentación dun traballo bibliográfico.	30%
Outras	Asistencia e participación activa nas sesións teóricas e prácticas, seminarios, titorías e outras actividades. Para o seu control é imprescindible a entrega dunha ficha por parte do alumnado antes de rematar a primeira quincena do cuadrimestre.	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais. Aqueles alumnos que non se acollan á modalidade presencial, os que non realicen todas as actividades e traballos prácticos ou non acaden nestes a cualificación de aprobado, examinaranse de todo o programa da materia, o cal deberán preparar a partir da bibliografía básica sinalada. Asemade, deberán realizar obrigatoriamente un traballo práctico ou bibliográfico, o cal será asignado polo profesor responsable con anterioridade ao remate e entregado na data do exame final. Este último suporá o 70% da nota final e o traballo o 30%.

Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA.

Los Caminos de la historia : cuestiones de historiografía y método / Elena Hernández Sandoica, Madrid, Síntesis, 1995. (BUV Ourense -- OUR 930 /128)

Las Caras de Clío : introducción a la historia de la historiografía / Enrique Moradiellos, Oviedo, Universidad de Oviedo, 1992. (bUV Ourense -- Depósito: OUR 41737)

Las Escuelas históricas / Guy Bourdú y Hervé Martin con la colaboración de Pascal Balmand, Madrid, AKAL, 1992. (BUV Ourense -- OUR 930 /12(B))

Historia de la historiografía española / J. Andrés-Gallego (coord.) ; J.M. Blázquez ... [et al.], Madrid : Encuentro, D.L. 2004, (BUV Ourense -- OUR 930 /138)

La Historiografía / por Charles-Olivier Carbonell, Madrid : Fondo de Cultura Económica, 1993, (BUV Ourense -- OUR 930 /91)

Invitación a la historia : la historiografía de Herodoto a Voltaire a través de sus textos / Sánchez Marcos, Fernando, Barcelona : Labor, 1993, (BUV Ourense -- OUR 930 /116)

BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA.

La Ciencia histórica en el siglo XX : las tendencias actuales : una visión panorámica y crítica del debate Internacional, Iggers, Georg G. BUV Ourense, Barcelona, Idea Books, 1998 (OUR 930 /162)

Filosofía de la historia / Manuel Benavides Lucas Benavides Lucas, Manuel, Madrid, Síntesis, 1994 (BUV Ourense -- OUR 930 /66)

Hacer la historia del siglo XX / René Remond...[et al.], Madrid, Biblioteca Nueva, 1994, (BUV Ourense -- OUR 930 /135)

Historia : análisis del pasado y proyecto social / Josep Fontana, Barcelona, Crítica, 1999. (BUV Ourense -- OUR 930 /13)

La Historia después del fin de la historia : reflexiones acerca de la situación actual de la ciencia histórica/ Josep Fontana, Barcelona : Crítica, D.L. 1992, (BUV Ourense -- OUR 930 /64(A))

Historia y pensamiento histórico : estudio y antología, Mitre Fernández, Emilio, Madrid : Cátedra, [1997], (BUV Ourense -- OUR 930 /65)

Introducción a la historia / por Marc Bloch ; [traducción Pablo González Casanova, Max Aub], Madrid : Fondo de Cultura Económica, 1952, (BUV Ourense -- OUR 930 /173)

La Otra historia : sociedad, cultura y mentalidades / César González Mínguez (ed.), Bilbao : Servicio Editorial, Universidad del País Vasco, 1993 (BUV Ourense -- OUR 316.7 /21)

Tendencias historiográficas actuales : escribir historia hoy / Elena Hernández Sandoica, Madrid : Akal, cop. 2004, (BUV Ourense -- OUR 930 /146(B))

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación sobre o desenvolvemento das actividades. Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial o remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña etc...).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade, asistindo ás titorías, que serán fixadas nun horario

compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas xurdidas no trancurso da avaliación continúa. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles. Ao longo do curso entregarase una documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.
